

Cert Acuse 28/6/16



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802



Asunto: Notificación do acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2016222TA-PO.

Achégolle, para a súa exposición no taboleiro de anuncios dese concello, a cédula de notificación do acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2016222TA-PO, incoado a B [redacted] G [redacted] A [redacted], con DNI [redacted], como titular do establecemento "[redacted]" e con enderezo na rúa [redacted], núm. 1, 36630 Cambados (Pontevedra), despois de intentar, sen resultado positivo, a notificación do referido acordo por dúas veces no último enderezo coñecido.

Todo de conformidade co disposto no artigo 59.4 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para os efectos do disposto no artigo 58.1 da citada Lei, prégolle que envíe dilixencia na que conste a exposición da cédula de notificación no taboleiro de anuncios dese concello durante un prazo de 15 días hábiles.

Pontevedra, 17 de xuño de 2016

A xefa territorial

Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández



CONCELLO DE CAMBADOS
Praza do Concello, nº 1, Cambados (36630)

Registro Xeral de Entrada

Nº rexistro: 2016004561

Data: 28/06/2016 09:10:10

CONCELLO DE CAMBADOS

Praza do Concello, 1

36630 - Cambados

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 23/06/2016 17:26:07

SAÍDA 68538 / RX 922149





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802

galicia

Cédula do 17 de xuño de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2016222TA-PO, por infracción en materia sanitaria.

Con data 24 de maio de 2016, a xefa territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra ditou acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2016222TA-PO incoado na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra contra B. G. A., con DNI [REDACTED], como titular do establecemento "[REDACTED]".

Tras intentar a notificación deste acordo consonte ao artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non puído practicarse, polo que mediante esta cédula notificaselle a B. G. A. o contido do dito acordo, que figura no anexo, segundo o disposto no número 5 do referido artigo, para que teña coñecemento del.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste, ao abeiro do disposto no número 1 do artigo 16 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, para presentar alegacións ante esta xefatura territorial no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación desta cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta xefatura, sita en Pontevedra, no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rúa Fernández Ladreda, núm. 43-1º andar, e obter, se é o caso, copia del, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Notificaselle tamén que, de non efectuar alegacións sobre o contido do dito acordo no citado prazo, o acordo de inicio poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do citado regulamento.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo faise constar que a eficacia da notificación quedará supeditada a súa publicación no TEU do BOE.

Pontevedra, 17 de xuño de 2016.

A xefa territorial

Ángeles Ferreiro-Montenegro Fernández



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802



ANEXO:

Número do expediente: 2016222TA-PO

Denunciado: B [REDACTED] G [REDACTED] A [REDACTED], con DNI [REDACTED], como titular do establecemento "[REDACTED]"

Último endereço coñecido: Rúa C [REDACTED], 36630 Cambados (Pontevedra)

Feito imputado: Suposta infracción do previsto na Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro.

Preceptos presuntamente infrinxidos:

Artigo 7) "Prohíbese fumar,..., en: u) Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados".

Tipificación: Unha infracción administrativa tipificada como grave no artigo 19.3.b) da Lei 28/2005, do 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro.

Sanción proposta: seiscentos un euros (601 €).